



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|-----------------------|-----------|
| Datos Identificativos | | | | 2024/25 |
| Asignatura (*) | Sistemas de Información en Contornas Industriais | | Código | 730556011 |
| Titulación | Máster Universitario en Informática Industrial e Robótica | | | |
| Descriptores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 2º cuatrimestre | Primeiro | Optativa | 3 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información | | | |
| Coordinación | Fontenla Romero, Oscar | Correo electrónico | oscar.fontenla@udc.es | |
| Profesorado | Fontenla Romero, Oscar | Correo electrónico | oscar.fontenla@udc.es | |
| Web | https://campusvirtual.udc.gal/ | | | |
| Descripción xeral | É unha materia de introdución ás técnicas básicas de bases de datos, fundamentais para o desenvolvemento eficaz e eficiente do software de xestión. O obxectivo é dotar ao estudiante dos instrumentos necesarios que lle permitan adquirir os coñecementos precisos para deseñar, implementar e manipular sistemas de bases de datos. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A16 | COMP16 - Capacidad para o uso e desenvolvemento de sistemas de comunicación para a súa aplicación sobre sistemas robóticos e/ou industriais. |
| A22 | CON04 - Identificar as principais comunicacións industriais e os buses de campo na automatización de procesos, así como aqueles emerxentes. |
| A32 | HAB04 - Seleccionar e aplicar as estruturas de comunicación industrial e os protocolos de campo na automatización de procesos. |
| A35 | HAB07 - Programar sistemas hardware específicos mediante linguaxe de alto nivel para o control de diversos procesos industriais e robóticos. |
| A43 | HAB15 - Empregar ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión. |
| A48 | OPT-COMP5 - Modelar e deseñar bases de datos relacionais. |
| A64 | OPT-CON5 - Identificar os conceptos, principios e técnicas básicas relacionadas coas bases de datos. |
| A82 | OPT-HAB5 - Analizar, experimentar e probar bases de datos relacionais mediante a execución de sentenzas nunha linguaxe de consultas. |

| Resultados da aprendizaxe | | |
|--|-------------------------------------|--|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | |
| Capacidade para o uso e desenvolvemento de sistemas de comunicación para a súa aplicación sobre sistemas robóticos e/ou industriais. | AI16 | |
| Identificar as principais comunicacións industriais e os buses de campo na automatización de procesos, así como aqueles emerxentes. | AI22 | |
| Seleccionar e aplicar as estruturas de comunicación industrial e os protocolos de campo na automatización de procesos. | AI32 | |
| Programar sistemas hardware específicos mediante linguaxe de alto nivel para o control de diversos procesos industriais e robóticos. | AI35 | |
| Empregar ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión. | AI43 | |
| Modelar e deseñar bases de datos relacionais. | AI48 | |
| Identificar os conceptos, principios e técnicas básicas relacionadas coas bases de datos. | AI64 | |
| Analizar, experimentar e probar bases de datos relacionais mediante a execución de sentenzas nunha linguaxe de consultas. | AI82 | |



| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| Os contidos desta materia, incluídos na memoria de verificación da titulación, desenvólvense nos catro temas que se tratan a continuación. Neste primeiro apartado, faise a vinculación do contido da memoria con o tema concreto no que se desenvolve. | <p>Contidos da memoria e temas nos que se desenvolven:</p> <ul style="list-style-type: none">- Características e propiedades xerais das bases de datos e sistemas de xestión de bases de datos: Tema 1.- Linguaxes de consulta de bases de datos: introdución á linguaxe SQL e SQL embebido. Tema 1.- Introdución ás bases de datos relacionais e ao modelo entidade-relación: definición de relacóns, atributos, claves e regras de integridade: Tema 2.- Deseño de bases de datos: fases de deseño, normalización e transición ao modelo relacional: Tema 2.- Conceptos básicos de administración de bases de datos relacionais. Tema 3 e 4 |
| Tema 1: Bases de datos relacionais | <ul style="list-style-type: none">- Modelo relacional- SQL: Consultas, DDL e SQL embebido |
| Tema 2: Deseño de Bases de Datos | <ul style="list-style-type: none">- Fases de deseño- Modelo entidad-relación- Normalización- Optimización- Xestión das BBDD |
| Tema 3: Concurrencia e manexo de erros | <ul style="list-style-type: none">- Propiedades ACID- Transaccóns- Problemas das BBDD ACID e alternativas |
| Tema 4: Sistemas distribuidos | <ul style="list-style-type: none">- Sistemas de ficheiros distribuidos: HDFS- Procesamento distribuído |

| Planificación | | | | |
|--------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A48 A64 A82 | 7 | 14 | 21 |
| Traballos tutelados | A16 A22 A32 A35 A43 | 0 | 26 | 26 |
| Prácticas de laboratorio | A43 | 10 | 15 | 25 |
| Proba mixta | A43 A48 A64 A82 | 2 | 0 | 2 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|--------------------------|--|
| Metodoloxías | Descripción |
| Sesión maxistral | Actividade presencial na aula empregada para establecer os conceptos fundamentais da materia. Consiste na exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais/multimedia e a realización dalgunhas preguntas dirixidas aos estudiantes, co fin de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. |
| Traballos tutelados | Realización de traballos/proyectos relacionados con algún dos temas do temario da materia. Os alumnos entregarán, en soporte informático, a memoria do traballo e unha presentación que terá que expor ao profesor. Estes traballos requirirán a asistencia de, polo menos, unha tutoría personalizada para cada grupo |
| Prácticas de laboratorio | Desenvolvemento de prácticas no laboratorio de informática. Esta actividade consistirá no estudo de casos e exemplos ademais da realización, por parte dos alumnos, dos exercicios expostos polos profesores. |
| Proba mixta | Proba de avaliación que se realizará ao final de curso nas correspondentes convocatorias oficiais. Consistirá nunha proba na que será necesario responder a diferentes cuestións teórico-prácticas. |



Atención personalizada

| Metodoloxías | Descripción |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | Trátase de orientar ao alumno naquelas cuestións relacionadas coa materia impartida e que resulten especialmente difíciles para a súa comprensión ou realización. As canles de información e contacto serán o correo electrónico, Moodle e Teams. As titorías individualizadas realizanse nas horas de titoría que estableza o profesor. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descripción | Cualificación |
|--------------------------|---------------------------|--|---------------|
| Prácticas de laboratorio | A43 | Desenvolvemento dunha BBDD con consultas asociadas e uso e análise de HDFS. | 40 |
| Traballos tutelados | A16 A22 A32 A35 A43 | Formulación de consultas SQL sobre unha sobre una base de datos | 10 |
| Proba mixta | A43 A48 A64 A82 | Proba final da materia que consistirá na realización dun exame individual. Esta proba terá preguntas de tipo teóricas e prácticas relacionadas cos conceptos estudiados nas clases magistrais, nas prácticas de laboratorio ou cos contidos dos traballos/proyectos tutelados. | 50 |

Observacións avaliación

Para superar a materia, o/a estudiante deberá obter unha calificación mínima de 5 sobre 10 no resultado de combinar as calificacións das actividades availables. Ademáis, deberá obter unha nota mínima de 2 sobre 5 puntos na proba mixta. Se non obtén esta nota mínima, a nota da materia será a correspondente á nota da proba mixta. A entrega das prácticas nas datas indicadas é obligatoria para aprobar a materia. O traballo entregado deberá ser orixinal do/da estudiante. De acordo ao artigo 14, apartado 4, da normativa*, a entrega de traballos non orixinais ou con partes duplicadas (sexa por copias entre compañeiros ou por obtención doutras fontes...) levará unha nota global de SUSPENSO na convocatoria correspondente, tanto para o/a estudiante que presente material copiado como a quen o facilite, invalidando calquera outra calificación obtida nas actividades availables.*

Normativa de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudios de grao e máster universitario, aprobada polo Consello de Goberno da Universidade da Coruña o 19 de decembro de 2013.Sobre a responsabilidade compartida dos traballos en grupo. Nas actividades que se levan a cabo en grupos, tales como os traballos tutelados, todos os membros do grupo serán responsables solidarios do traballo realizado e entregado, así como das consecuencias que se deriven do incumprimento das normas de autoría do mesmo. Segunda oportunidade e convocatorias posterioresNa segunda oportunidade, mantense a nota obtida nas prácticas e traballos tutelados. Só no caso de non ter presentado as prácticas na primeira oportunidade ou que tivesen acadado a calificación de SUSPENSO, poderán presentarse novamente as prácticas na segunda oportunidade. O alumno pode voltar a facer o exame da proba mixta, sendo os criterios para obter a nota total os indicados ó principio deste apartado.No caso de suspender a asignatura, as prácticas con nota igual ou superior a 5 gardaranse para cursos posteriores con calificación de aprobado (5). En cada curso, a/o estudiante terá a opción de entregar unha nova práctica que sustituirá a nota da anterior. A nota de traballos tutelados non se gardará para cursos posteriores, debendo o alumno realizar as actividades correspondentes a este apartado novamente.Matrícula a tempo parcialAs/os estudiantes con matrícula a tempo parcial deberán entregar as prácticas nas datas establecidas.Convocatoria adiantada de decembroOs/as estudiantes que se presenten á convocatoria adiantada de decembro serán avaliadas exclusivamente mediante unha proba mixta, supoñendo esta o 100% da calificación na asignatura.Fraude académico:

A comisión de fraude académica levará consigo a aplicación das sancións disciplinarias establecidas na normativa académica vixente en la UDC

Fontes de información

| | |
|-----------------------------|---|
| Bibliografía básica | - A. Silberschatz; H. Korth; S. Sudarshan (2019). Database System Concepts (7ª edición). McGraw Hill - Alan Beaulieu (2009). Learning SQL (2º Edición). O'Reilly |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
|---|
| Materias que continúan o temario |
| Observacións |
| <p>&lt;p&gt;Para axudar a conseguir unha contorna sustentable e cumplir os obxectivos do "Plan de Acción Green Campus Ferrol" a entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:&lt;/p&gt;&lt;p&gt;1. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático&lt;/p&gt;&lt;p&gt;2. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos&lt;/p&gt;&lt;p&gt;3. De se realizar en papel:&lt;/p&gt;&lt;p&gt;- Non se empregarán plásticos.&lt;/p&gt;&lt;p&gt;- Realizaranse impresións a dobre cara.&lt;/p&gt;&lt;p&gt;- Empregarase papel reciclado.&lt;/p&gt;&lt;p&gt;- Evitarase a impresión de borradores.&lt;/p&gt;&lt;p&gt;Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.&lt;/p&gt;&lt;p&gt;Deberanse detectar situacóns de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.&lt;/p&gt;</p> |

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías